



COMPRAS SEGURAS: medios de pago

FICHA DA CLASE ESO

1. Opcións de pago:

Internet permítenos diferentes medios de pago, os máis empregados son: transferencia, tarxeta física (crédito ou débito) e virtual, pago a través de intermediarias de confianza (p.e. Paypal), contra reembolso (que permite o pago cando comprobamos o produto) e a través de aplicacións de pago (compañías de telecomunicacións, privadas, de bancos...).



Existen tarxetas de uso exclusivo para pagos online, ou tarxetas virtuais que se “cargan” cunha cantidade concreta ou se poden desactivar. O seu uso é máis seguro e é o máis axeitado para os mozos/as menores de 16 anos.

2. Medidas de protección:

As primeiras veces realizaremos as nosas compras por Internet coa compañía dunha persoa da nosa familia.

Se o facemos sós/soas e temos algunha dúbida, non debemos continuar e avisaremos a alguén da nosa familia.

Nunca enviaremos información financeira por correo: datos da nosa tarxeta de crédito, número de conta, contrasinais...

O pago a través do móbil, ao igual que as aplicacións de pago, tamén incorpora mecanismos de seguridade extra (bloqueo de pantalla, códigos de seguridade, SMS de confirmación...)

Os datos que ti proporcionaches para unha compra online tenos a persoa ou empresa vendedora, pero só pode usalos para o que lle autorizamos.

As compras online esixen de pagos telemáticos; con todo, os e as menores de idade non poden abrir unha conta corrente e necesitan a autorización dun/ha titor/a legal para realizar estes trámites.

Hai que conservar os tickets e comprobantes.

En caso de reclamación, coméntao con alguén da túa familia e contacta directamente coa tenda.

